

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 83

XANEIRO 2007

Editado 12/01/07

COMISIÓN XESTORA

O pasado día 21 de novembro de 2006, rematou o proceso electoral para presentación de candidaturas a Presidente do Club. Non se presentou ningunha. O cargo de Presidente está vacante.

Segundo os nosos Estatutos, constituíuse unha Comisión Xestora, que está formada por membros da Xunta Directiva saínte e presidida polo Vicepresidente.

Os membros da Comisión Xestora comprométense durante os próximos meses, e ata a elección do novo presidente, a seguir traballando polo Club coa mesma ilusión coa que o fixeran antes, dando continuidade así á xestión anterior, pero este labor non se poderá levar a cabo se non contamos coa colaboración e apoio dos nosos socios.

O próximo día 16 de marzo celebrarase a Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria, e serán convocadas eleccións a President@ do Club, do que xa se vos dará a oportuna información en próximo boletín.

Elaboramos o calendario de actividades para os próximos seis meses. Como podedes constatar é atraínte.

Pasadas as festas do Nadal sempre estamos desexosos de novas actividades que nos fagan sentir parte dun mundo distinto ao do axetreo e estres diario.

Gustaríanos que o noso Club siga sendo un dos máis importantes do país, e isto é posible grazas aos socios que traballan colaborando nas actividades, apoiando as decisións, en suma botando unha man.

O Club conta con todos vós.


Comisión Xestora

Os membros da Comisión Xestora son:

Fernando Fernández Rey
Cristina Alonso Álvarez
Conchi Barciela Villar
Lourdes Castiñeira Souto
Alberto Fontenla Pita-Baamonde
Carolina Rodríguez Domingo
Marisa Núñez Suárez

Neste número:

<i>Comisión Xestora</i>	1
<i>Fotografía</i>	2
<i>Novas</i>	3
<i>Actividades Sociais</i>	3
<i>Micoloxía</i>	4
<i>Concursos de Montaña</i>	5
<i>Buzóns de cumio</i>	5
<i>Licencias 2007</i>	6
<i>Calendario Actividades</i>	7
<i>Escalada</i>	8
<i>Montañismo</i>	8
<i>EspeleoSección</i>	10
<i>Datos</i>	12



1º Premio V Concurso de Fotografía de Montaña: "BARDENAS" de Roberto González Luis

V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE MONTAÑA

Por quinto ano consecutivo Montañeiros Celtas organizou o concurso de Fotografía de Montaña.

O pasado xoves, 21 de decembro, ás oito da tarde, tivo lugar na Casa do Libro de Vigo a cerimonia de entrega de premios e a homenaxe ao noso querido e popular "Cholo", Antonio Fernández Pena, socio distinguido de Club Montañeiros Celtas.

Este ano a exposición estivo conformada por 40 interesantes fotografías tomadas en multitude de lugares do mundo... Alaska, Nepal, Alpes, Polonia, Pirineos, Ubiña, Xurés, Courel... por mencionar algúns. Como en anos anteriores, máis da metade dos participantes son da provincia de Pontevedra e deles, una gran parte de Montañeiros Celtas. Tamén contamos con moita participación do País Vasco, como vén sendo habitual, e do resto da xeografía española (Valladolid, Barcelona, Sevilla, Valencia, Huesca, etc.) e algunha internacional. Tamén aumentou a participación feminina respecto a edicións anteriores, coroada polo interesante balance de levar tres dos sete premios do xurado.

A temática presentada foi moi variada, inda que botamos de menos fotografías, por exemplo, de bici de montaña ou esquí. Observamos que continúa a tendencia á alza en equipos dixitais fronte aos analóxicos.

A exposición na Casa do Libro foi do 16 ao 30 de decembro. Ese día, ao remate da exposición, abriuse a urna da votación popular e se fixo o sorteo entre os participantes, que gañou Luis Felipe Rodríguez Pedro ao que o club agasallou co libro "Vigo, por Magar". O gañador da votación popular foi Lois Faro Fortes coa foto "Ascendiendo a Pena Orniz", que foi agasallado cun lote de libros de gran formato valorado en 150 euros, cortesía da Casa do Libro. A mellor foto dun socio do Club foi para Isabel Maestu Vázquez de Nigrán coa foto "Manto de nubes acariciando Ubiña" que recibirá como premio unha fin de semana na estación de esquí de San Isidro con curso de esquí incluído, e segundo é tradición, unha pequena homenaxe na cea anual do club, alá polo mes de febreiro.

Aos que non puidestes ver as fotografías na Casa do Libro, inda tedes a oportunidade de facelo nas exposicións itinerantes que ata o mes de xullo se levarán a cabo ao longo da xeografía galega, comezando durante o mes de xaneiro en Redondela, na Casa da Torre, para continuar no Centro de visitantes do Monte Aloia, na Casa da



Xuventude de Ourense, en Oleiros-Coruña, en Nigrán. Tamén podedes ver as fotografías na páxina Web do Club www.celtas.net.

A relación total de fotografías premiadas podédelas ver na táboa adxunta.

Por primeira vez nestes 5 anos, non foi premiado polo xurado ningún membro de Montañeiros Celtas, inda que si, dous dos premiados foron da provincia de Pontevedra, Anxo Rial co 2º premio e Lois Faro Fortes cun accésit, que ademais foron os únicos dos premiados que puideron acudir á entrega de premios, xa que os outros son de bastante lonxe, repartidos por toda a Península e fóra... (un accésit foise a Polonia, que por certo, tamén levou un premio o ano pasado).

A cerimonia de entrega de premios foi conducida por Fernando Fernández Rey, presidente da actual Comisión Xestora do Club, e Isabel Maestu Vázquez, que fora Vogal da Sección de Cultura e Medio Ambiente.

Fíxose a entrega dos trofeos e premios aos dous premiados asistentes, e de forma simbólica aos ausentes. Tanto Anxo Rial como Lois Faro, felicitaron ao club polo concurso e afagaron o nivel das fotografías presentadas. En nome do noso Club agradézolle a súa participación tanto a eles como aos demais concursantes e ánimovos aos que inda non participastes a que o fagades en vindeiras convocatorias.

Despois da entrega de premios, subiu ao estrado Cholo. Presentouno Fernando inda que xa era ben coñecido por todos os que alí estabamos, e cedeulle a palabra. Cholo dixo sentirse afagado pola homenaxe, e aproveitou a ocasión para falar do que para el significa o montañismo... e o Club Montañeiros Celtas, do que é SOCIO DISTINGUIDO. Tamén nos fixo lembrar a moitos outros montañeiros, máis ou menos esquecidos na memoria, algúns xa desaparecidos, e que tamén serían merecedores dunha homenaxe polo que


Significan e significaron para o mundo da montaña. Antonio Suárez e Chito Veiga rememoraron algunhas anécdotas relacionadas con el... e seguramente moitos de nós tamén poderíamos contar algunha. Grazas por todo, Cholo.

Despois de facerlle entrega dun pequeno agasallo conmemorativo,

Para que non esqueza ese día, algúns "espabilados" remataron a homenaxe tomando algún "pinchiño" nunha cafetería por alí cerca... pero iso xa é outra historia.

Eu non quero rematar este artigo sen agradecerlle aos patrocinadores, unha vez máis, a súa fundamental contribución económica, sen a que o concurso non se podería levar a cabo, ao xurado (Tono, Carlos, Angel, Jesús, José, Pirulo e Magar), que sacaron tempo de onde non o tiñan para facer a selección previa e a votación final, á Casa do Libro, que por quinto ano consecutivo nos cedeu a súa sala de exposicións durante a segunda quincena do mes de decembro, aos participantes xa que sen eles non sería posible o concurso e a todos aqueles colaboradores que en maior ou menor medida puxeron o seu particular gran de area para facer que o concurso, a homenaxe, as exposicións e todo o que isto implica, se teña levado a cabo, e que non vou nomear xa que, afortunadamente, é unha lista moi moi longa...

Isabel Maestu



PREMIADOS - V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE MONTAÑA

EXPEDICIÓN A "OJOS DEL SALADO"

O próximo día 12 de xaneiro, as socias do noso Club M^a Concepción Barciela Villar, Olivia M^a Vidal Muñíos e M^a Teresa García Cebreiros, collerán rumbo a Chile para intentar acadar o cumio do volcán máis alto do mundo, Ojos del Salado, situado a 6.893 metros de altitude.

Dende estas páxinas desexámoslles moitísima sorte nesta aventura.



"En primeiro término, Conchi e Oli presentando o seu proxecto durante a rolda de prensa celebrada na Deputación de Pontevedra"

Título da Foto	Nome e Apellidos do autor	Procedencia do autor	Premio	Patrocinador	Importe do premio
BÁRDENAS	Roberto González Luis	Barakaldo	Primeiro		1200 €
BAILE DE TORMENTA	Anxo Rial Comesaña	Vigo	Segundo		500 €
LEMA: BOSH	Carmen Bosh Domínguez	Sevilla	Escañada e Alpinismo		300 €
AL OTRO LADO DE...	Natalia Martínez Pajares	Logroño	Espeleoloxía e descenso de barrancos		300 €
SUEÑOS MOJADOS	Katarzyna Biernacka	Polonia	Accésit		50 €
ASCENDIENDO A PEÑA ORNIZ	Lois Faro Fortes	Mondariz	Accésit		50 €
EL JOVEN SHERPA	Roberto Hernández Yustos	Valladolid	Accésit		50 €
ASCENDIENDO A PEÑA ORNIZ	Lois Faro Fortes	Mondariz	Mellor foto votada polo público		Lote de libros de gran formato (valorado en 150€)
MANTO DE NUBES ACARICIANDO UBIÑA	Isabel Maestu Vázquez	Nigrán	Mellor Foto dun socio do Club (votada polo público entre as 40 finalistas)		Fin de semana en San Isidro con curso de esquí incluído


ACTIVIDADES SOCIAIS

FESTADE NADAL

O pasado día 22 de decembro o noso local social acolleu aos numerosos socios que quixeron acercarse para compartir charlas e compañía, aproveitando as datas do Nadal para repartir felices desexos entre todos os nosos amig@s.

Antes de comezar a dar conta das viandas das que se dispuxeron, entregáronse os diplomas e premios aos gañadores das distintas categorías do Concurso de Montaña.

E como queira que xa sabiamos que este ano non fomos agraciados coa Lotería de Nadal, todo se encheu de bos desexos e proxectos para este ano que agora comeza.



Menú

Empanada Galega
Croquetas
Langostinos Cocidos
Centola
Rape ao Albariño
Viños Ribeiro Branco e Rioxa Tinto,
cervexa, refrescos, auga mineral
Sobremesa e café

A continuación da cea, chega o momento da entrega de medallas, que serán para os que fan 50 e 25 anos de asociados. Tamén entregaranse medallas de prata coa insignia do Club aos nove Montañeiros Excelsior que acadaron esta categoría no Concurso de Montañas do pasado ano.

Contaremos coa actuación musical do Duo Ceibe.

CEA 65 ANIVERSARIO

SÁBADO, 10 DE FEBREIRO

HOMENAXEADOS


CON 50 ANOS NO CLUB
Margarita Lamarca Pérez
Jacobo Ulloa Sousa

CON 25 ANOS NO CLUB
Xan Bouzada Fernández
Marisa Rodríguez Feijoo
Francisco Javier Franco Mariño
Noa Quinteiro Carrera
Carolina Rodríguez Domingo
Gerardo Santamarta Fernández
Marta Molina Rivera

LUGAR

SALONES BAHIA
Hotel Bahia de Vigo
Avda. Cánovas del Castillo, 24
10 de febreiro, ás 21.30 h

Xa vos podedes anotar na lista, por favor antes do:
7 de febreiro
Prezo: 30 euros





onde coma sempre asistiu un gran número de afeccionados.

A clausura desta tempada, prodúcese como e habitual no Nadal, pois coa baixada das temperaturas os fungos van desaparecendo, os micelios adormecen ata a vindeira tempada, cando de novo, volvan xurdir as condicións de humidade e temperatura adecuadas para fructificar.

Coa Cea-Homenaxe á nosa socia máis antiga, Angeles Alonso Rubio, e o noso anterior presidente Xosé Luis Tomé celebrada o 16 de decembro, en agradecemento ao traballo e esforzo que durante anos dedicaron á asociación, rematamos o ano. Tamén asistiron como invitados unha representación de Montañeiros Celtas, tivemos, boa comida, bo viño, e boa compañía.

A ZARROTA

MEMORIA DA TEMPADA OUTONO - INVERNO 2006

Como foi a colleita?. Non nos podemos queixar, non. Foi unha tempada moi fructífera, como non se vira nos derradeiros anos, tanto pola gran variedade de especies observadas, como pola gran cantidade e calidade de fungos recollidos.

Comezamos un outono caloroso, onde as chuvias se atrasaron, inda que ao final chegaron. Na nosa primeira saída polos montes da Groba, alá polo mes de outubro, inda non era o momento axeitado para a recolección.

Tampouco acertamos co tempo na saída que se organizou aos montes da Madroa o 5 de novembro, onde participaron os socios do Club Montañeiros Celtas, en total xuntámonos ese día, uns 150 afeccionados, que tras dividimos en grupos e baixo a revisión dos expertos da Zarrota, recorreremos o monte, na busca de exemplares diversos. Ao mediodía, e tras reunirmos todos ao redor do micólogo de campo Manuel Garea que, axudado por outros membros da Asociación, realizou para todos os asistentes, unha disertación práctica dos fungos recollidos. Esta xornada didáctica finalizou, como vén sendo habitual coa revisión de todas as cestas, asegurándonos que os exemplares recollidos para levar a casa, foran especies aptas para o consumo. As caras dalgúns dos presentes, reflectían o descubrimento

que acababan de ter “o fabuloso mundo da micoloxía”.

As seguintes saídas, OHHH!!!!, foron un auténtico deleite para os sentidos, xa que a partir dos primeiros días de novembro, produciuse unha auténtica eclosión de fungos.

A nosa última saída, tivo lugar o 25 de novembro, nos montes da periferia de Vigo, onde recolleemos gran cantidade de fungos de excelente comestibilidade como *Cantharellus Tubaeformis* e *Cibarius*, moi abundantes nestas datas, algúns exemplares xa tardíos de *Boletus edulis*, *Pinícola* e *Erythropus*, e o descubrimento duns espectaculares “coros de meigas de *Hindum Repandum*”, que fixeron que as nosas cestas rebozasen, ademais de recoller outras moitas especies para o seu estudio. Esta vez, o día acompañou, o monte estaba espléndido con ese toque de

humidade, que fai que as árbores luzan e a vexetación teña toda a gama de verdes.

Como vén sendo habitual todos os anos, o noso acto central, foi a organización da Semana Micolóxica, que este ano tivo lugar na última semana do mes de outubro co concurso de debuxo, a exposición de fungos ao natural e as conferencias no auditorio de Caixanova,

Entregouse un agasallo ao Club Montañeiros Celtas, que nos acolle nas súas instalacións, ao socio Manuel Garea encargado dos Luns Micolóxicos, pola súa incansable dedicación e por último ao noso socio Anxo, pola desinteresada creación da páxina web “azarrota.org”-que podedes visitar para obter receitas de cociña, información, eventos, calendario, foro, fotografías e unha guía dicotómica que nos axudará a identificar os exemplares, seguindo unhas pautas moi doadas-

E ata aquí chegaron as nosas actividades por esta tempada, volveremos polo club para a próxima cos “luns micolóxicos de primavera” e con novas actividades e calendario, para animar a todos a participar.

A ZARROTA



CONCURSOS DE MONTAÑA

O concurso de Montaña, que retomamos hai catro anos, rematou o seu primeiro ciclo, e os que comezaron a participar no ano 2002 e puideron continuar, recolleron xa o froito do seu esforzo e traballo: os diplomas e agasallos como montañeiros Excelsior.

Pero o concurso segue aberto, e continúa tanto para aqueles que se incorporaron máis adiante como para os novos socios que queiran comezar agora.

As bases, que reproducimos a continuación e está **publicadas no boletín núm. 76, páxina 12**, non cambiaron. Así que só queda que **VOS ANIMEDES** por varias razóns:

- porque é como un xogo,
- porque é unha escusa para facer montaña,
- porque é un xeito de implicar a compañeiros e amigos nun proxecto,
- porque é unha forma de difundir a montaña e o teu club cando deixas unha tarxeta nese cumio ao que acabas de chegar,
- porque se non se consegue nun ano, temos outros por diante para volvelo intentar.

Resumo das BASES: ¡ESPERAMOS A VOSA PARTICIPACIÓN!

Categorías:

• **Montañeiro de 3ª categoría.**

Consiste en ascender 10 montes de máis de 700 metros de altitude, e 3 de máis de 1000 metros de altitude no mesmo ano.

• **Montañeiro de 2ª categoría**

Consiste en ascender 10 montes de máis de 1000 metros de altitude e 3 de máis de 2000 metros de altitude no mesmo ano.

• **Montañeiro de 1ª categoría**


Consiste en ascender 12 montes de máis de 2000 metros de altitude e 3 de máis de 3.000 metros no mesmo ano.

• **Montañeiros Excelsior**

Consiste en realizar ao longo do ano 12 travesías de entre as recoñecidas ao efecto.

Lembrede que para presentarse a unha categoría hai que estar en posesión da categoría inmediatamente anterior, que puntuará un único cumio por día, e como mínimo cada candidato terá que participar nunha marcha do Calendario Oficial do Club ou da Federación. BASES completas no Boletín nº 76 de xaneiro 2006.

Nas oficinas e na nosa páxina web tedes os modelos de impresos para cubrir os partes de monte correspondentes que enviaredes ao Club para o seguimento correspondente.



Estes son os montañeiros e montañeiras que no ano 2006 alcanzaron a Categoría

Montañeiros Excelsior:

Cristina Steimbruggen Cruces
Antonio Alemparte Gonzalvo
Concepción Barciela Villar
Sonia Amatriain Suárez
Visitación Suárez Gómez
José Amatriain Cabo
Gaspar Ribé Bargalló
Antonio Baamonde González
José López Pérez (Sechu)

Montañeiros de 1ª Categoría:

David Jambrina Leal
Marisa Núñez Suárez

Montañeiros de 2ª Categoría:

Juan Carlos Morais Matos
Mª Elena Pereiro Francés
Alberto Alonso Álvarez
Maruxa Pérez Barreira

Montañeiros de 3ª Categoría:

Concepción Silva Veiga
Jose Lucrecio Alvarez Pousa
Víctor Revenga Lama

“BUZÓNS” DE CUMES


BUZÓNS DE CUMES

Seguimos a traballar na colocación das caixas de correo nos cumios máis salientables da provincia de Pontevedra.

Despois do primeiro “buzón” colocado no monte Galíneiro, xa están postos os dos cumios de: Salgueirón, Galleiro, Loma de Zorro, Montouto, Paradanta, e... seguro que para cando leades esta información haberá algún máis lucindo no alto dalgún dos nosos montes

Lembrede que na oficina do Club tedes tarxetas que poderedes deixar alá onde fagades cumios, quedando constancia así do voso paso polos diferentes montes aos que vos a cheguedes.

Será entrañable tamén que alguén remita a vosa tarxeta de cumio ao Club. No taboleiro de anuncios poderedes comprobar se está a vosa.



TARXETA DE CUMIO

Nome do socio que cubre a tarxeta: _____

Compoñentes do grupo no cumio (nº): _____

Os montañeiros que asinan esta tarxeta ascenderon ao Monte: _____

Altitude (m): _____

Localización: _____


O día: ____ de ____ de ____

ás ____ horas, pola ruta/lugar de saída: _____


← Escribir os comentarios da ascensión e as sinaturas dos montañeiros participantes no interior da tarxeta

Tarxeta recollida por _____

do Club _____ de _____

 **Prégase ao que recolla esta tarxeta que a envíe a:**
Se ruega al que recoja esta tarjeta que la envíe a:
Nous priions la personne qui trouvera cette carte de la renvoyer à:
Please if you find this card, send it to:

CLUB MONTAÑEIRO CELTAS
Apartado de Correos 1836
36200 - VIGO (GALICIA)
ESPAÑA



A IMPORTANCIA DE FEDERARSE

O noso Club está adherido a catro federacións: Montañismo, Espeleoloxía, Deportes de Inverno e Actividades Subacuáticas.

Un ano máis Montañeiros Celtas lembra aos seus socios ALGUNHA das vantaxes de estar federado:

- Tes seguro de accidentes, con asistencia médica e posibilidade de rescate, caso de ser preciso.
- Podes realizar cursos impartidos polas Escolas das Federacións, e mellorar os teus coñecementos e as túas técnicas da man de persoal especializado.
- Podes participar nas actividades que organicen as Federacións, e recibir algunha axuda económica por esa participación.
- Tes descontos nos refuxios federativos.
- Favoreces ao teu club xa que as Administracións e Institucións teñen en conta o número de federados á hora de repartir axudas aos clubs, o que finalmente repercute en todos.

Lembrede as Subvencións aos socios FEDERADOS POLO CLUB:

- Os menores de idade** que tramiten unha licenza que asegure disciplinas técnicas (alpinismo, escalada, espeleoloxía, esquí, etc.), terán unha subvención do **10 % do seu importe**.
- Pola tramitación da segunda e sucesivas licencias das distintas federacións que cada socio solicite, a subvención do Club é a seguinte: **segunda licenza 4 euros, terceira 8 euros, cuarta 12 euros**.
- Os socios que participen en **cursos oficiais das Escolas das respectivas federacións**, terán as seguintes subvencións:
 - Menores de idade..... 40 %
 - Estudiantes de 18 a 25 anos..... 30 %
 - Non estudantes de 18 a 25 anos..... 20 %
 - A partir dos 25 anos..... 10 %
- Límite das subvencións. A axuda máxima que pode recibir cada socio no ano 2007 é de 100 euros. O total das subvencións está limitado a súa partida orzamentaria.

COMPAÑÍA ASEGURADORA : MUTUALIDAD GENERAL DEPORTIVA

MODALIDADE		A	B-1	B-2	B-3	Disciplinas Aseguradas Montañismo, Sendeirismo, Escalada, Descenso de Barrancos, Esquí de Montaña. * As modalidades A e B1 diferéncianse na cobertura sanitaria.
ÁMBITO XEOGRÁFICO		ESPAÑA	ESPAÑA	EUROPA-MARROCOS	TODO O MUNDO	
MAIORES	dende os 18 anos	40,25	58,90	84,90	110,90	
XUVENÍS	de 14 a 17 anos	29,77	48,42	74,72	70,42	
INFANTÍS	de 8 a 13 anos	15,20	24,20			

COMPAÑÍA ASEGURADORA: SABADELL

Más información en www.fgmontanismo.com

MODALIDADE		BÁSICA "A"	B	C	D	E	MAIORES DE 75 ANOS
ÁMBITO XEOGRÁFICO		ESPAÑA	ESPAÑA	ESPAÑA, PORTUGAL, ANDORRA, PIRINEOS FRANCESES	TODO O MUNDO (Excepción por riba dos 7000 m. ou dentro dos círculos polares)	TODO O MUNDO	
MAIORES	dende os 18 anos		43,73	67,76	112,17	532,36	40,02
XUVENÍS	de 14 a 17 anos		33,25	56,36	83,16		
INFANTÍS	de 8 a 13 anos	13,45		23,71	60,15		

Disciplinas Aseguradas	Modalidade Básica "A":	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo.
	Modalidade B:	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo.
	Modalidade C:	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo, Montañismo, Alpinismo, Escalada, Descenso de Barrancos, Campamentos en Iglú, Carreras de Montaña, Espeleoloxía e Bici de montaña.
	Modalidade D:	As mesmas da modalidade C, ademais de Esquí en todas as súas modalidades
	Modalidade E:	As mesmas da modalidade D, ademais das Expedicións

NOTA: Os duplicados do carnet federativo, por extravío ou ampliación da cobertura, terán un custo adicional de 2 Euros.

LICENCIAS MONTAÑISMO (FGE)

LICENCIAS ESPELEOLOXÍA (FGE)

COMPAÑÍA: MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA

MODALIDADE	Maior	Xuvenil	Infantil
BÁSICA A España	21,15	18,95	11,7
BÁSICA B Europa e Marrocos	26,7	24,5	16,1
BÁSICA B1 Resto Mundo	33,45	31,25	31,25
PLUS A España	38,25	36,05	28,8
PLUS B Europa e Marrocos	47,95	45,75	37,35
PLUS B1 Resto Mundo	61,15	58,95	58,95
HABILITACIÓN LICENCIAS F.E.E	15,00	10,00	3,00
		TÉCNICO	LIC. XUIZ
HABILITACIÓN LICENCIAS F.E.E		25,00	2,00

Cobertura "Básica"

As actividades cubertas son: Espeleoloxía, Descenso de Caóns e Espeleomergullo.

Cobertura "Plus"

As actividades cubertas son: Espeleoloxía, Descenso de Canóns, Alpinismo, Canoa, Kaiak, Sendeirismo, Esquí de fondo e Snowboard, Esquí Alpino (excluíndo o Esquí Alpino fóra de pista), camiñata con esquis ou raquetas, Escalada en rocha ou obstáculos artificiais, Bicicleta de montaña todo terreo, emprego de "Vías Ferratas" e Mergullo en todas as súas formas.

Máis información: www.espeleoloxia.org

Este ano a novidade das licencias de espeleoloxía é que poden tramitarse a través da Federación Galega sen pertencer a Federación Española, é dicir, non hai que pagar a cuota da FEE a non ser que se queira participar nalguna actividade organizada pola FEE. Cada socio elixirá según o seu criterio elixir unha modalidade ou outra, as licencias tramítanse todas a través da Federación Galega e logo o que queira pertencer tamén a FEE ten que pagar a cuota correspondente e mandar "habilitala", todo isto a través do club. Tamén hai outra novidade: que aquel deportista que queira tramitar a licenza de xeito individual, sen pertencer a un club, pode facelo directamente na Federación Galega.

LICENCIAS MERGULLO (FEGAS)

COMPAÑÍA: MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA

ASEGURADORA: MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA	Infantil 13 anos	Xuvenil 14-15 anos	maior de 16 anos
DEPORTISTAS	10	24	40
INSTRUCTORES E MONITORES	40		
ÁRBITROS E DIRECTIVOS	40		
EXTRANXEIROS	40		

Importante: As licencias desta federación, son válidas durante un ano dende a data de expedición.
- O duplicado de licencias ten un custo de 5 euros
- Máis información en www.fegas.net

LICENCIAS DEPORTES DE INVERNO (FGDI)

45 Euros/ano, 30 Euros/10 días.

Ámbito Xeográfico MUNDIAL .

Máis información en www.fgdi.es

CALENDARIO DE ACTIVIDADES - 1º semestre 2007

MES	DÍAS	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
XAN.	6	Local Social	Asemblea Sección e Cea	S.D. Espeleoloxía
	12	Local Social	Xornada de encerado e mantemento de esquis	S.D. Esquí
	13-14	Trevinca-Manzaneda	Iniciación ao esquí de travesía	S.D. Esquí
	20-21	Mondoñedo	Técnicas de vertical	S.D. Espeleoloxía
	21	O Rosal	Muiños do Folón	S.D. Senderismo
	28		III Percorrido Esquí de Montaña	FGM
	28	Cerdedo	Coco, Uceiro e Testeiro	S.D. Montañismo
FEB.	3 e 4	Trevinca	Infantil. Achegamento á neve	S. Infantil
	3 e 4		Curso Esquí de Travesía	FGM-EGAM
	4	Illas Cíes	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	10 e 11		Curso Aproximación á Montaña invernal	FGM-EGAM
	10	Vigo. Hotel Bahía	Cea anual	S. Actividades Sociais
	17 e 18		Curso Alpinismo Iniciación	FGM-EGAM
	18	Redondela	Percorrido por Traída da Auga	S.D. Bici de Montaña
	18	Paradanta-Arbo	Iniciación á montaña	S.D. Senderismo-S.D. Montañismo
	24 e 25		Curso Alpinismo Iniciación	FGM-EGAM
	24-25	Liñares	Infantil "Coñece as covas"	S.D. Espeleoloxía
	24-25	Palentinas	Corredores	S.D. Escalada
	24-25	San Isidro (León)	Esquí Alpino	S.D. Esquí
MAR.	3-4		Actividade Infantil de Inverno	S. Infantil
	10-11	Burbia	Ancares Leoneses	S.D. Montañismo
	10, 11, 17, 18		Curso de mergullador unha estrela	S.D. Actividades Subacuáticas
	16	LOCAL SOCIAL	ASEMBLEA ORDINARIA E EXTRAORDINARIA	COMISIÓN XESTORA-M. CELTAS
	17 e 18		Curso Alpinismo Corredores	FGM-EGAM
	25	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	24-25	Porto de San Glorio	Esquí de travesía pola cordilleira Cantábrica	S.D. Esquí
	24-25		Campamento Galego de Espeleoloxía	F.G.E.
	25		Camiño de Santiago- Via da Prata- IV Etapa	S.D. Senderismo
ABR.	31 Mar. - 8 Abr.	Mallorca	Multiactividade: mergullo, espeleo, escalada, canóns	SS.DD. do Club
	5, 6, 7, 8	Potes (Picos de Europa)	Semana Santa	S.D. Montañismo
	14-15		Actividade Infantil de Primavera	S. Infantil
	15		Camiño de Santiago- Via da Prata- V Etapa	S.D. Senderismo
	15	Forcarei	Percorrido por Serra do Candán	S.D. Bici de Montaña
	21-22		XLII Campamento e Marcha Galega de Montaña	FGM-C.M.Ribeira Sacra
	21-22	Pena Corneira	Boulder	S.D. Escalada
	21	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	22		Campionato social de pesca submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	22		Xornadas de mergullo con tubo	S.D. Actividades Subacuáticas
	29	Galiñeiro	Iniciación a escalada	S. Infantil-S.D. Escalada
29	Suído	Marcha de Primavera	S.D. Montañismo	
28 Abr.- 1 Mai.		Xornadas de travesía en cavidades	E.G.E.	
MAI.	1	Galiñeiro	Xornadas de iniciación á escalada	S.D. Escalada
	4	Local Social	Presentación XL Operación Benxamín	S. Infantil
	5		Marcha das Greas	FGM
	5		Piragüismo xuvenil	S.D. Actividades Subacuáticas
	5-6	Monte Aloia	XL Operación Benxamín	S. Infantil
	6	Cabo Udra	Inmersión submarina dobre	S.D. Actividades Subacuáticas
	12-13		Curso Orientación en Montaña	FGM-EGAM
	12-13	Val de Poios (Portugal)	Xornadas de escalada	S.D. Escalada
	12-13		XI Campamento Galego Infantil-Xuvenil de espeleoloxía	F.G.E.
	12-13	Seara (Courel)	XL Operación Benxamín	S. Infantil
	17, 18, 19, 20	Villamanín	Montaña de Argüellos	S.D. Montañismo
	19 Y 20		Curso de Escalada-Iniciación	FGM-EGAM
	27		Camiño de Santiago- Via da Prata- VI Etapa	S.D. Senderismo
	27	Mondariz-Balneario	Descenso do Río Tea	S.D. Actividades Subacuáticas
XUN.	2	Vigo	III Campionato de Escalada Base	FGM-C.M. CELTAS
	2-3		Curso de Escalada en Parede	FGM-EGAM
	3		Piragüismo popular	S.D. Actividades Subacuáticas
	8	Local Social	Clausura XL Operación Benxamín	S. Infantil
	9-10	Vegacervera (León)	Xornadas de Escalada	S.D. Escalada
	10	Arcade	Entre Rías	S.D. Montañismo
	17-18		XX Marcha con Vivac	FGM-S.M.Artabros
	17-18		Curso de Escalada Artificial	FGM-EGAM
	23	O Grove	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	24	Donón	Xornada de escalada en O Facho	S.D. Xuventude-S.D. Escalada
	23-24		XII Campamento Social Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía	S.D. Espeleoloxía
	23-24		XXXVI Campamento e Marcha Infantil-Xuvenil de Montaña	FGM-CP. TREVINCA
	23-24		XIII Descenso de Barrancos	FGM-C.M. CELTAS
	23-24	Chandrexa	Travesía Serra de Queixa	S.D. Montañismo
	30 Xun.- 1 Xull		Curso de Escalada en Fisuras	FGM-EGAM
	30 Xun.- 1 Xull		Curso de Descenso de Barrancos	FGM-EGAM
30 Xun.- 1 Xull		Campamento galego descenso de canóns	F.G.E.	
XUL.	1		Camiño de Santiago- Via da Prata- VII Etapa	S.D. Senderismo
	7-8	León	Travesía San Isidro	S.D. Montañismo
	13-29		Saída Internacional Alpes Julianos	FGM
	7-8		Xuvenil: Canóns, bici, espeleoloxía e escalada	SS.DD. do Club
	14-15		Campamento de verán	S.Activ. Sociais-S.D. Act. Subacuáticas
	14-15		Xornadas de iniciación ao descenso de canóns	S.D. Espeleoloxía
31	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas	
AGO.	28 Jul. - 5 Ago.	Huesca	Val de Tena- Pirineos	S.D. Montañismo
	6-12		Campamento Anual da FEDME	FEDME

ESCALADA NA SERRA DA ARGA Portugal, 12 de novembro

Aproveitando a bonanza dos últimos 15 días, a actividade de escalada deste mes de novembro ía poder realizarse na xa prevista serra portuguesa da Arga, unha bonita escola de escalada para iniciarse, onde predominan os V, V+ en vías que non superan os 15 metros.

Esta vez puidemos ver a cantidade de auga que baixaba polas corgas, formado espectaculares fervenzas.

Ao final fomos 12 ese domingo de novembro como xa dixen, e aproveitámolo moi ben, a pesares de que a rocha estaba algo húmida e “mosqueaba” un pouco á hora de colocar o gato sobre a superficie granítica, algún dos participantes, incluso se atreveu a probar un teito ben extraplomado e outros a facer unha fenda protexendo a escalada con “friends”. A autoestima estaba polas nubes e incluso despois de xantar seguimos escalando.



Xa polas 5 da tarde decidimos marchar e rematala xornada en Valença tomando unhas cervexas e uns bocatas na versión 2x1.

Chao

MONTAÑISMO

MARCHA DE OUTONO: MONTES DE OIA, 5 de novembro

A cita co autobús foi ás 9 da mañá, algo máis tarde que outras veces porque a ruta que íamos facer está moi cerca de Vigo. Así é que puidemos aproveitar un pouco máis a cama quente. Ía dicir que non choveu en todo o día, o que non é de todo certo, pero case, porque as catro gotas que caeron despois de comer pasáronme desapercibidas en medio deste outono tan xeneroso coa auga do ceo. Si que é verdade que o caudal do río Tamuxe era tan abundante que tivemos que dar un bo rodeo para buscar un lugar axeitado por onde vadealo.

A primeira parada do camiño fixémosla en Miño do Corvo, un alto con extensas vistas da bisbarra; e foi unha sorpresa agradable para algúns de nós comprobar que unha boa parte dos montes de Oia, cando menos o que

viamos dende este miradoiro, salvouse dos lumes do verán. Alí tomamos a parva, consistente en galletas e chocolates variados, e outras galdrumeiradas case prohibidas aos devotos do sofá e a televisión.

Como recibín o encargo de escribir este relato da saída varias semanas despois da camiñada, a miña memoria non está moi fresca, pero si que lembro nitidamente o sitio no que comemos, un lameiro moi verde á sombra dunha árbore, onde as nosas viandas de excursionista parecían máis saborosas, e con servizo de baño particular incluído, polo que vaia dende aquí o meu agradecemento aos donos da finca -amigos da xente do club- que nos permitiron utilizala. E por se esto fose pouco, rematamos a comida tomando un café de pota que nos soubo a gloria nun restaurante que estaba alí ao lado (eu teño para min que algún lle botou tamén un grollo de augardente).

A tarde continuou con outros poucos quilómetros de camiñada en boa compañía e animada conversa. Un veterano do club contounos divertidas anécdotas do espírito competitivo co que se celebraba a Marcha de outono anos atrás; e o encontro casual cun ancián, subindo sacrificadamente un repeito do camiño nunha bici de montaña, abriu o debate sobre a



práctica do deporte de certa esixencia a idades avanzadas. Cadaquén terá a súa opinión, pero a verdade é que algúns veteranos do club son un exemplo, dado o bo estado de forma no que se atopan gracias á súa actividade deportiva.

A marcha aínda nos levou pola paraxe espléndida dos muíños do Folón. E xa á tardiña rematamos coma sempre cunha visita ao bar antes de emprender o camiño de regreso en autobús. Este é o momento de descansar un pouco dos esforzos do día e ir pensando en chegar á casa, buscar acomodo no sofá e tomar unha boa cea de prato antes de durmir.

Antonia de Dios



MONTAÑA VASCA E NAVARRA

6-10 de decembro

A saída organizada polo club para a ponte da Constitución e a Inmaculada era á montaña vasca e Navarra, pero curiosamente o País Vasco case non o pisamos, debido a un cambio de plans por mor das condicións climatolóxicas e por ausencias de última hora.

Cun panorama de tempo bastante aciago para toda a ponte, arriscámonos a saír un grupo de preto os 30 ousados en autobús ás 23:00 horas do día 5 de decembro. Por diante, máis de oito horas de camiño que nos levarían ao noso destino final: o refuxio de Urbasa, en plena Serra de Urbasa. Alí chegamos ao redor das 7 da mañá do día seguinte, un pouco durmidos e con ganas de instalarnos e estirar as pernas. O albergue tiña boa pinta, pero os “xefes” eran un pouco durmiñóns e ata case que as nove non nos deixaron tomar posesión das nosas liteiras.

O primeiro día foi de toma de contacto co terreo. Como o día estaba escuro, pero non mollaba, programouse un percorrido pola Serra de Urbasa. Así que despois de preparar unha mochiliña con algo de comida e roupa por se chovía, saímos andando do albergue para somerxernos no fermoso bosque de faias que circundaba o albergue e que se estendía pola maior parte da chaira que forma a serra.

Camiñando por eses solos alfombrados de follas subimos ata o punto máis alto da Serra, que non é que estea moi alto (1153 m), pero que era algo difícil de atopar debido á similitude de todos os cumios da cordal. Despois continuamos pola cordal para gozar das vistas cara o val onde se avistaba o pobo de Altsasua, facendo unha paradiña nunha ermida para xantar resgardados do orballo nunhas cabana e á calor dunha lareira. A volta cara o albergue non tivo maior historia, agás por un grupo de 5 adiantados aos que lles pareceu curta a camiñada e decidiron seguir outro camiño indo caer a 30 km do albergue.

Ao día seguinte o programado era subir o Aizkorri. E digo programado porque a climatoloxía non nos deixou facer gran cousa. Saímos do porto de Otzaurte coa intención decidida e os ánimos polas nubes, pero precisamente estas estaban cargadiñas e con ganas de augarnos o día. En canto subimos en altura o vento tamén se deixou notar e despois dunha hora e media de molladura démonos conta que a cousa non pintaba ben, así que chegamos ata a cova e ermida de San Adrián e por decisión unánime demos volta para así poder secar as roupas no albergue, que aínda quedaban días e as montañas non escapan.

O venres o día amenceu con boa pinta, así que fomos a dar unha voltíña ata o nacemento do río Urederra. O sitio é realmente espectacular se mire por onde se mire. Así que primeiro unha vista panorámica dende o “balcón de Pilatos”, onde o puidemos contemplar dende arriba e así apreciamos os acantilados e o val que foi escavando o río e contemplamos uns “paxariños” que aproveitaron as súas paredes para facer os seu niños. Posteriormente, internámonos no val e fomos ata o emprazamento

Cumio do
Beloki, na
Serra de
Aralar



Do nacemento do río: unha cascada duns cantos metros de altura que brotaba das paredes de rocha dos acantilados e que despois discorría pola súa canle nun regueiro de augas de cor turquesa. O sitio realmente fai honra ao seu nome, xa que segundo nos dixeran os paisanos ese nome en vasco significa “augas bonitas”.

Pero como os montañeiros sempre queremos emocións fortes e somos insaciables, aínda non nos chegaba con isto. Así que o sábado tiñamos que aplacar o “gusaniño” cunha boa travesía de montaña e cun pouco de adrenalina. Para iso fomos á serra de Aralar para subir ata o seu punto máis alto, o Irumugarrieta (1.271 m.), que hai que ver que nomes lles poñen estes vascos-navarros!. E con este nome algo tiña que pasar para que se nos quedase gravado (sobre todo a Antonio). Ao principio o día tiña boa cara e o primeiro cumio fixémoslo sen ningún problema, pero a medida que nos dirixiamos cara ao seguinte cumio o tempo ía cambiando de cara e despois de sacar as fotos de grupo e firmar a tarxeta de cumio tivemos que comezar a baixar porque caían as primeiras folepas. E aquí foi onde se enfollonou a saída. O camiño de baixada non aparecía, o grupo empezou a disgregarse, a nevada cada vez era máis copiosa e cada vez quedaban menos horas de luz. Por si faltara pouco o pobre de Antonio, intentando reagruparnos, tivo unha caída e fracturou a perna polo que tivo que facer a baixada coxeando, pero vaia coa baixada!!. Aquilo parecía unha pista de patinaxe!. A abrupta pendente do terreo, a herba mollada coas primeiras neves e a lama fixo que moitos de nós bicásemos o chan unhas cantas veces. Pero despois de moitas caídas e unha boa molladura conseguimos chegar, xa noitiña, ata o pobo de Gaintza onde nos esperaba o autobús.

Dende logo esta saída quedará gravada na nosa memoria durante moitos anos. Grazas Antonio e espero que te repoñas pronto para poder gozar da túa compañía na montaña.

Xulio Troitiño



Gupo en Urbasa, preto do albergue

A MIÑA PRIMEIRA COVA: MUÍÑO DO CARBALLO - SANTALLA DE LÓUZARA ¡¡TODA UNHA EXPERIENCIA!!

O último domingo de outubro, que parecía primavera, nunha saída de divulgación da sección de espeleo, encamiñámonos cara a Santalla, no Courel, un bo grupo de novatos que nunca pisaramos unha cova das de verdade, non turística.

A expedición estaba patroneada por Lourdes, que dentro da cova sentes que é como un anxo da garda; tamén estaban con ela veteranos e todos das profundidades terrestres Emilio e Óscar. Eramos un grupo de entre 20 persoas, entre nenos e maiores

Nada máis entrar na cova fixemos a foto de rigor para inmortalizar o momento, a nosa simpática vestimenta e a cara de incautos, asustados e perdidos que tiñamos. Na entrada atopamos cun niño de arañas e máis no interior cun morcego colgado do teito, alleo a o que alí pasaba, seguía inmóbil no seu soño; adiante atopariámonos varios máis .

Un dos momento máis impresionantes e descoñecidos foi cando Lourdes nos invitou a sentarnos, poñernos cómodos, apagar as cálidas luces dos nosos cascos e comezar a experimentar todo aquel mundo de sensacións antes descoñecidas, polo menos para min, como a inmensa serenidade de escoitar aquel silencio increíblemente reparador, unicamente roto polo canto das gotas de auga que repicaban ao caer, e esa escuridade, algo imposible



de percibir no noso mundo da superficie ruidoso e axetreado. Aquí todo é calma e paz.

Entre os novatos estaba tamén o meu irmán Jesús (a verdade é que se empezamos a relacionar, a gran parte eramos membros de varias familias), e foi o único que fixo o que os espeleólogos chaman travesía, entrando por onde o fixemos todos, un burato escuro, estreito, húmido e cara a abaixo, para despois saír por outro máis pequeno, tanto que parecía unha tobeira de coello, sacando o corpo por partes e sen o casco, algún de nós intentou imitalo, pero desistimos ao ver o reto; por certo , gustoulle a experiencia que ao igual que Pablo repetiu e volveu entrar co último grupo, no que só se meteron xunto con Óscar, Roberto, e Rosa que só se internou uns metros na cova e decidiu deixar a experiencia para outro día ao atoparse en baixa forma.

É un mundo aparte, fantástico e diferente capaz de sorprenderche a cada

paso que das. Silencio, calma, escuridade, un lugar onde o tempo parece terse detido. Cada recuncho ocultaba algo novo e inesperado; formacións increíbles e misteriosas, labradas con meco durante miles de anos, verdadeiros tesouros ocultos baixo terra; porén, non moi ben escondidos ao parecer para individuos que se internan atrevéndose a poñer pintadas nas paredes como se un muro para grafitos se tratase e a romper formacións con non sei que dereito; tan só pode tratarse de mans e mentes con pouca evolución.

Despois de xantar tarde, moi tarde, emprendemos a viaxe de volta algo cansados polas emocións vividas, como cando nos metemos por unha gateira (o nome vaille de perlas), arrastrándonos polo chan coa cabeza de lado para poder pasar, pero ilusionados, ao fin e ao cabo ben mereceu a pena ter coñecido ese fermoso mundo subterráneo.

Ana Belén Bravo

RESUMO DAS DERRADEIRAS ACTIVIDADES DO ANO 2006

28 e 29 outubro:

Desmontaxe da exposición e Divulgación espeleolóxica.

Quedaba o último acto dos relacionados co I Congreso Galego que era desmontar a exposición aberta ao público dende o día 8 no Centro Comarcal de O Barco de Valdeorras, sobre a historia da espeleoloxía galega, e que tivo bastante afluencia de persoas, sobre todo grupos de colexios da zona.

Desprazáronse Miguel e Lourdes, o sábado, a o Barco onde quedaron con outros espeleólogos procedentes da Coruña e Santiago.

O domingo, a tan esperada actividade de divulgación na Cova do Muíño do Carballo en Santalla de Lóuzara, onde houbo que distribuírse en catro grupos pola cantidade de “futuros” espeleólogos que estaban dispostos a internarse no mundo subterráneo. Saímos de Vigo, cedo, cun día soleado e non nos deron as horas do día para nada.

7, 21 e 28 de outubro e 4, 11, 25 de novembro:

Exploracións en terras asturianas.

Xa chegaron novas das andainas de Daniel polas terras asturianas onde, segundo el, as vacas teñen os pezuños torcidos de tanta pendente. Xunto con espeleólogos ovetenses, do GE Asemeyu, GE Polifemo e GE Hades participa na exploración da zona de Cuevapalacios (NO de Peña Ubiña, baixo Los Portillines), concretamente na Torca de los Cinchos. Aínda que foi explorada hai 10 anos, estase a revisar á vez que se realiza a topografía (-230 m na actualidade, pero espérase chegar ós -300 m). Recentemente, xunto co GE Asemeyu e GE Polifemo topografía o sistema Cova da Ruxidoria-Cova de L' Luechu 'l riu, na localidade de Salcedo (Quirós), obtendo un desenvolvemento duns 1.150 m e +50 m de desnivel. Ademais, visita xunto estes mesmos espeleólogos a Cova do Infierno, en Onís, atopando restos óseos duns Ursus speleaus.

25 novembro: Asemblea da E.G.E.

Este ano celebrouse en Ourense a Asemblea, xa que por falta de tempo non se organizaron as xornadas técnicas. Na reunión analizaronse, como é cotiá, as actividades do ano e programáronse as do ano 2007 entre outras cousas relacionadas co funcionamento da Escola Galega de Espeleoloxía. Nas actividades a destacar para o ano que vén, están programadas unhas xornadas de Travesía que se celebrarán en Cantabria e unhas xornadas de escalada artificial aplicada a progresión en covas.

6 a 10 decembro: A Ponte da Constitución. Liñares

Preparamos esta longa ponte da Constitución co ánimo de atopar algunhas cavidades para comprobar e/ou completar datos obtidos de antigas memorias do club (a de Saballeiros-Láncara-Lugo), realizar estudos diversos na cova do Carrelo do Asno, realizar algunha exploración para “estreno” dalgún membro e realización dalgún pateo longamente falado nas noites espeleolóxicas e anhelado.

Participamos un “pequeno” grupo: Óscar Quiñónes, José Fernández, Alberto Rodríguez, Miliño Castro, Daniel Ballesteros, Lourdes Castiñeira, Emilio Ballesteros, Carolina Rodríguez, Ángel García, Antón García, Eugenia Carrera, Ana Rodríguez, Pedro Blanco e Javier Diéguez

Chegamos ao Cebreiro o mércores 6, antes de xantar, recollendo a Daniel en Pedrafita, a onde chegara dende Oviedo. Xantamos no refuxio de Liñares, preparamos todo, prendemos lume á estufa (aínda que había pouca neve, o frío era intenso) e fomos en busca da cova de Saballeiros, na linde de Vilaesteva-Láncara e Guilfrei-Becerreá. A ver se había sorte, xa que era a segunda vez que a buscábamos. As referencias e datos desta cavidade eran dunha memoria existente nos arquivos do club, dun grupo (entre outros Antonio Veiga), do ano 1973.

Cando íamos comezar a busca, atopamos un G.P.S. (Ghicho do Pobo Ese) que ía a Guilfrei e que nos indicou o lugar onde se atopa a cavidade. Logo tivemos outra vez sorte, pois non estabamos acertando coas bocas. O “G.P.S.”, que volveu pasar pola ladeira oposta, guiounos con voz e xestos ata as tres bocas da cavidade. Moitas grazas ao incógnito amigo, pois ademais de evitarnos pasar moitísimo tempo entre silvas e toxos (grandes e tupidos), non era doado dar coas bocas. O día non daba para máis. Volta ao refuxio, con parada en casa Núñez para intentar cear, mais como estaba pechada, mercamos, cocinamos, ceamos e... saco, con lectura en alto de contos gregos, non sen antes acordar a actividade do día seguinte. Tiñamos material de investigación (termómetros, higrómetros, anemómetro, sicrometros...) solicitada á Federación Galega de Espeleoloxía.

O xoves, como chovía e chovía, atrasamos a erguida. Uns foron ao supermercado e outros quedaron no refuxio. Como o tempo non cambiaba, un grupo foi ao Taro do Castrillón, onde tomaron os datos para realizar a topografía da cavidade e fixeron diversas medicións, humidades e temperaturas (ambiente, paredes, auga) así como o ph da auga.

Rematada a visita, tal era o estado dos espeleólogos (molladura) que se determinou a volta ao refuxio. Mentres, os Emilio fixeron unha pateada-molladura, polos antigos camiños, circular. Santalla-Trabazas-Sisto-Santalla. ¡Como ía o Lor! O camiño, con fortes desniveis resultou do máis agradable. Miliño continuou dende Santalla a Pedrafita e Liñares.

Pola noite, no refuxio, cea, charla e práctica de nós. José, Óscar, Alberto e Emilio afanáronse na práctica (oito, oito con orellas, oito recorrido, papillón, ás de guía, ballestrinque...).

O venres, como nevou pola noite, e pola mañá, esperamos polos que chegaron ese día. Un grupo entrou na cova do Bao (Vilavella-Triacastela-Lugo) para realizar diversos estudos técnicos, explorar unha zona de ventás, para o que se fará unha instalación, e comprobar a topografía existente e topografar outra zona da que non existe.

Primeiro traballouse na zona seca, onde se realizaron diversas medicións (anemómetro, temperatura de contacto, sicrometro...). Xantamos nese lugar. Logo explorouse unha gateira existente a 2m. de altura da base do pozo dando a unha ventá que comunica cunha cheminea pola que se accede dificultosamente á cabeceira dun pozo de 10 m e outro de 5 m chegando a un curso de auga. Realizamos a correspondente topografía da zona explorada. Logo de recoller o material, fomos á zona dos pozos “húmidos”. Alí revisaron as galerías e gateiras que había, realizando diversas medicións. Volveuse ao refuxio coa dificultade do uso das cadeas e o conseguinte coidado pola gran cantidade de neve que caera e seguía caendo. Outro grupo ía patear (Miliño pola súa conta) mais a neve comezou a caer, de maneira copiosa, o que desbotou os plans. Refuxio, xogos, lectura e realizar a compra para os vindeiros días foron as principais actividades deste grupo. ¡A ver se mañá demos patear!

Cea, charla, práctica de nós e... ao saco. Segue a nevar.



O sábado, ¡¡vaia nevada!! e seguía a nevar, sen nada que semellase que ía parar. Todos os plans desbotados. Alternativas, poucas, atrasar a hora de erguerse, música, lectura,... ata que un grupo foi dar un pateo dende Liñares ao Cebreiro. Despois de xantar xuntos no refuxio, outro grupo (moitos eran os mesmos) foi patear ata Hospital, xa que a luz do día non deu para máis. E seguía a nevar. Como estaba todo!! Ata os miúdos, de nove anos saíron xogar e prepararon unha emboscada no bosque nevado cando volvíamos de Hospital, onde nos colleu unha xistra curta pero dura, moi dura, a iso das 18 horas. E seguía a nevar.

O domingo, comezamos con mal pé. Como a porta se pechaba con chave, e o frío era moi intenso, pois alguén ao saír ao baño... rachou a chave. Que facer. Non podíamos saír ata que nos rescatasen. Logo dun tempo, Gelo conseguiu abrir (suspiros de alivio). Volta a durmir. Pola mañá, conseguiu Jose sacar o cacho de chave que quedara dentro. Suspiro, busca na de Sofía da outra chave e suspiro total.

Así que a actividade comezou tarde (ademais houbo que darlle a pa á neve arredor dos coches. Se queremos saír). E menos mal, pois só as estradas principais estaban despexadas. Fomos explorar e revisar a topografía da cova de Saballeiros. Os coches quedaron lonxe, pola neve. Un grupo entra, outro pateo. Volta aos coches, con perda de tempo. Xa con atraso, xantar, recoller o refuxio, entregar as chaves e... cada un á súa casa (Daniel a Oviedo, Gelo a Madrid e os demais a Vigo. Fixo de todo menos bo tempo o que non impediu que gozamos da ponte.

A Sección

Espeleonovas

20 - 21 de xaneiro: Prácticas de progresión vertical. Mondoñedo, ¿deixaranos entrar o alcalde nesa Vila?

*Edita: Club Montañeiros Celtas.
Dirección e coordinación: Marisa Núñez Suárez
Deseño e maquetación: José López Pérez "Sechu".
Normalización lingüística: Enrique González Cameselle.
Colaboran neste número:*

*Conchi Barciela, Isabel Maestu, Milagros Iglesias, Manoel Chao, Antonia de Dios,
Xulio Troitiño, Ana Belén Bravo, Daniel Ballesteros, Emilio Ballesteros e Lourdes Castiñeira.*

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.

Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola
Presidencia da Xunta
de Galicia.
Secretaría Xeral de
Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora
Concello de Vigo
- Área de
Participación
Cidadá

Club Montañeiros Celtas está adherido a catro federacións:
Montañismo, Espeleoloxía, Deportes de Inverno e Actividades Subacuáticas.

FEDÉRATE agora
e aproveita as vantaxes todo o ano!



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

w Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo

w Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo

w Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220

w Internet: www.celtas.net

w Correo electrónico: info@celtas.net

w Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres